



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Consellería de Economía e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN) vén de lanzar, o pasado 1 de setembro, un proceso de **consultas preliminares do mercado** para identificar solucións innovadoras baseadas na aplicación de sistemas aéreos non tripulados para mellorar a prestación de servizos públicos estratéxicos para Galicia.

Esta convocatoria está **aberta á participación de calquera persoa física ou xurídica**, de carácter público ou privado, de xeito individual ou consorciado, que pode enviar xa as súas ideas a través do formulario dispoñible na **web da Civil UAVs Initiative** da Xunta de Galicia.

As solucións a considerar deberán basearse en **tecnoloxías innovadoras pero xa desenvolvidas** e responder a un ou varios **retos identificados polos distintos departamentos da Xunta** no ámbito da prestación de servizos públicos e que están expostos na web da iniciativa. Entre eles atópase a prevención e extinción de incendios, o salvamento marítimo, o inventariado e xestión do territorio, o control do furtivismo, a vixilancia costeira e a xestión eficiente de emerxencias e fluxos turísticos.

A Xunta de Galicia estudará as propostas presentadas e poderá utilizalas no proceso de definición das especificacións funcionais e técnicas dos **procedementos de compra pública innovadora** que a Xunta lanzará previsiblemente entre os anos 2016 e 2018, por un importe de até 20 millóns de euros.

Paralelamente a este proceso, a Xunta de Galicia está a seleccionar un **socio ou socios tecnolóxicos industriais** para desenvolver un polo tecnolóxico deste sector en Galicia. Actualmente, os candidatos que superaron a fase de solvencia atópanse na **fase de diálogo coa administración** para mellorar as súas propostas. Finalmente, agárdase poder asinar un convenio co socio ou socios seleccionados en decembro. Para máis información: <http://www.civiluavsinitiative.com/>

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a infor.ma.gain@xunta.es.